

VIAXXE QUE FIXO "PELUDEZ" COS "AMIGOS DOS CASTILLOS" A GRECIA  
NO MES DE ABRIL DE 1984.

=====

Unha rapaciña, guapiña coma un sol e longa coma un dia de maio, e que se chama comá Reina de España, paroume e perguntoume:

-E logo, Pelúdez, este ano non vai contarnos o que fixo no viaxe?.

A min non me gusta falar de min, porque xa son muitos os que de min falan, e todos mal; pro como non pudo negarlle a aquela rubiña guapiña nada, vou contar o que me pasou na Grecia e con algúns grecianos, pois está visto que, anque nos chamen machistas, a verdá é que unhos calzós, inda que señan dun vello cáncamo, siguen tendo muita saca, ou seña eso que agora lle chaman lligue. E ahí vai o meu conto:

Salimos de Lugo en rebaño e xibrados en dous coches. Chegamos ó ~~vamp~~ da Bacolla e saludamos ós amigos do Ferrol, o señor Quintanilla, ~~o~~ señor Morales, ás suas señoras e <sup>o</sup> un rapaciño que, dendeis do ano pasado, medrou mais cos tirabeques.

Pasaron a nosa equipaxe por unha portiña, i eu xa coidei non volver vela, pois nin un recibo me deron. E méntrennos outra vez nos coches dicindo que íbamos pra Santiago. Pro anda, anda, tan lonxe nos levaron que eu xa pensei que íbamos a ir en auto hastra as Atenas. Pero non: leváronnos a unha fonda que lle chaman "Os Tilos", quizabes pra calmarnos. Ali pasoume xa o pirmeiro caso.

Estaba eu durmindo os dous netos de viño cos que arremuxéi pró estamago a cena, cando sinto ruxir ó meu lado o teléfono. Agarreino pra apagalo cando escuito unha voz que decía: "¡Xa son las seis!". Eu dixen pro min: "-Pois nesa hora, a min nada se me perde". E seguin durmindo coma un anguelito dos que dormen ben. Hastra que o CRUZ me sacudiu coma quen sacude un saco de castañas pra que asenten. E díxome: -¡Erguete, loubán, que te estamos agardando e xa están todos embaixo!"

Tanta presa me deu, que ó vestirme metín as duas pernas pola perneira esquerda do calzón, e quedei coutado coma unha besta ~~cosa~~ solta. Pro ó fin funme amañando como puiden. E cando cheguei embaixo, o señor VARELA VILLAMOR, chegándome a boca a orella con muito misterio, díxome:

-Pelúdez, os botós son pra abotonarse, e non pra facer propaganda...

Abrocheime avergonzado, pro vin que non era o último porque inda baiaban unhas rapazas refregando os ollos. Elas, inda que algunhas tragufían calzós, non tiñan probrema, pois gastaban ~~com~~ malleira.

Volvimos á Bacolla. Metéronnos nun avion. Déronme unha auga amarela que inda anda beilándome no entripado, e apeáronnos en Madrid. Outra veas presas. Nin tempo tiven pra atar ben os zapatos, e cando iba a entrar nunha correa que anda sola e leva nela a xente, a señorita LOPEZ CAMPO tripoume a amarralla que levaba desatada e izas! enfuciñei e fundítadec na cinta, hastra que o GORDILLO me levantou e me dixo:

-Podes erguerte, Pelúdez, que inda é cedo pra durmir a siesta.

Despois metéronnos noutro avion. Ali loitei coa comida, non por non comela, senón porque non hai sitio onde poñer as cousas i enlarafuceime todo por chapar todo o que viña nunha bandexa que debe ser pra nenos. E pra más coña, a condanada da rapaza que servía, gastoume unha groma por rirse e meteu nunha bolsiña coitelos, culleres e tenedores. E como eu non sabía que estaban ali, tiven que comer cos dedos. E a groma siguiu poñendo nun papel non séi qué raios de polvos, que eu coidéi que era azucré, e cando o botei no café sabe o demo o que era, pois tiven que espurrar e inda ando cuspindo todo o dia co gusto que os polvos me deixaron.

Din que estive en Barcelona. ¡Non digo que non! O que sei é que cand despertei estaba nas Atenas. No aeroporto volveme a alma ó corpo cando vin a miña maleta salir por un furado dado brincos coma un xatiño cand o ceibán no prado. Abofellá parcia que estaba mui leda por volver a verme. Entón dixen pra mí:

-¡Vaia, os que vimos non seremos mui guapos - a non ser as miñas alminas, que o son todas - , pro honrados, parce que o somos... polo de agora...